

**PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO EN PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022 (BOP 120, DO 27.05.2022) APARTADO 1B - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO)**

Nº PRAZAS CONVOCADAS	2
DENOMINACIÓN	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA
GRUPO/SUBGRUPO	A-A2
CLASIFICACIÓN	ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS
RÉXIME XURÍDICO	FUNCIONARIAL
SISTEMA SELECTIVO	CONCURSO-OPOSICIÓN
ACCESO	LIBRE
COTA	XERAL

**1.- RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN**

O Tribunal en sesión de data 24 de xuño de 2024 resolve a alegación presentada por Don Pablo Vázquez González contra as cualificacións provisionais do baremo de méritos, acordando por unanimidade desestimala, ratificándose nas puntuacións outorgadas .

**2.- VALORACIÓN DE MÉRITOS DEFINITIVA**

Os resultados provisionais do baremo de méritos, publicados no taboeiro de anuncios e na páxina web da entidade o día 13 de xuño de 2024, considéranse definitivos ao ser desestimada a alegación presentada (Base xeral 10.3).

**3.- CUALIFICACIÓN FINAIS (Base xeral 11)**

O Tribunal outorga as seguintes cualificacións finais, que veñen determinadas pola suma das cualificacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, ordenados de maior a menor:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	FASE OPOSICIÓN (Máx. 30)	FASE CONCURSO (Máx. 20)	CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL (Máx. 50)
1	PÉREZ GÓMEZ, MANUEL	25,62500	20,0000	45,62500
2	CALDEIRO PÉREZ, JAIME	22,87500	20,0000	42,87500
3	CORRAL RODRÍGUEZ, DIEGO	17,87500	16,4000	34,27500
4	VÁQUEZ GONZÁLEZ, PABLO	23,82500	10,0000	33,82500

**4.- RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS (Base xeral 12)**

O Tribunal elabora a seguinte relación de persoas seleccionadas:


APELIDOS E NOME
PÉREZ GÓMEZ, MANUEL
CALDEIRO PÉREZ, JAIME

**5.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO (Base xeral 12)**

O Tribunal, á vista da relación das persoas aspirantes seleccionadas, propón á presidencia que se resolva o procedemento selectivo nomeando a Don MANUEL PÉREZ GÓMEZ e Don JAIME CALDEIRO PÉREZ, para ocupar as prazas número 11 e 883, denominadas ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A - subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, e os postos de traballo denominados ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA número 1324 e 1427, vinculados ás citadas prazas, ao obter as maiores cualificacións finais.

**6.- PROPOSTA DA ORDE DE PERSOAS PARA ASEGURAR A COBERTURA DAS VACANTES (Base 12.1 parágrafo 3) e para a INCORPORACIÓN NAS LISTAXES DE EMPREGO TEMPORAL (Base xeral 12.2).**

O Tribunal, para cumprimento do sinalado na base xeral 12.1 parágrafo 3: "asegurar a cobertura das vacantes", así como para o sinalado na base xeral 12.2 "incorporación nas listaxes de emprego temporal", elabora a orde de persoas non propostas que a continuación se relaciona:

	IV7UWLBSLYVPVKMOYVWG4ZJ6MY	Fecha y Hora	22/07/2024 13:08:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO-INTERVENTOR)			
Uri de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWLBSLYVPVKMOYVWG4ZJ6MY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWLBSLYVPVKMOYVWG4ZJ6MY</a>	Página	1/2	



ORDE INCLUSIÓN LISTAXES TEMPORAIS (Base xeral 12.2) E ASEGURAR A COBERTURA DA VACANTE (Base xeral 12.1 parágrafo 3).	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL DEFINITIVA
1	CORRAL RODRÍGUEZ, DIEGO	34,2750
2	VÁQUEZ GONZÁLEZ, PABLO	33,8250

#### 7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS (Base xeral 13 e Base específica 5)

As persoas propostas polo Tribunal para ocupar as prazas que se convocan, deberán presentar nos lugares que se determinan na base xeral 5.1, no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web corporativa, a documentación orixinal ou copia auténtica dos seguintes documentos:

Documento nacional de identidade.

Certificado médico oficial que acredite non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

Certificación de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil.

Acreditación de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na base 4; e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

Titulacións académicas: Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola; Grao en Enxeñería Agrícola; Grao en Enxeñería Agrícola e do Medio Rural; Grao en Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria ou calquera outro título universitario que habilite para o exercicio da profesión regulada da praza que se convoca.

#### 8.- FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS (Base xeral 13.3)

Se no prazo indicado, agás casos de forza maior, as persoas propostas non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que se carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incurrir por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta complementaria á que se refire a base xeral 12.1

A secretaria do Tribunal

	IV7UWLBSLYVPVKMOYVWG4ZJ6MY	Fecha y Hora	22/07/2024 13:08:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO-INTERVENTOR)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWLBSLYVPVKMOYVWG4ZJ6MY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWLBSLYVPVKMOYVWG4ZJ6MY</a>	Página	2/2

